



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **30 de novembro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

**8.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN XERAL DE LIQUIDACIÓNS E XESTIÓN DE IBI URBANA COFINANCIADO POLO FEDER. EXPTE. 8260/113.**

Visto o informe de fiscalización do 20/11/17, dáse conta do informe-proposta do 17/11/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**11.-** Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 2 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) na seguinte orde descendente:*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 04/12/2017 10:01	Páxina 1 de 3
Expediente 8260/113	CSV: 2EEB4-EC8CC-E48B3-DA8D8	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Licitador	Puntuación total
AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100 puntos

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Terceiro.-** Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.164,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o día 3 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 10 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 04/12/2017 10:01

Páxina 2 de 3

Expediente 8260/113

CSV: 2EEB4-EC8CC-E48B3-DA8D8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 13 e 25 de outubro de 2017, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 87.295,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.150,45 euros.*
- b) *Amplía o prazo de garantía do programa a dous (2) anos.*
- c) *Reduce o prazo máximo de entrega da aplicación en 4 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 04/12/2017 10:01	Páxina 3 de 3
Expediente 8260/113	CSV: 2EEB4-EC8CC-E48B3-DA8D8	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		